

## 22. **Zig-Zag**: o primeiro programa IPTV de divulgación científica en internet dedicado á tradución

**José Yuste Frías**

Departamento de Tradución e Lingüística, investigador principal do Grupo de Investigación T&P e director do programa IPTV **Zig-Zag**, Universidade de Vigo, [jjuste@uvigo.es](mailto:jjuste@uvigo.es)

### **Ensinar coas TIC: **Zig-Zag** entre a clase e a pantalla**

O ensino presencial segue sendo o método máis utilizado nas universidades. Nunha docencia cara a cara, a responsabilidade da función de ensino é asumida por completo polo profesor: el é o eixe central, e a institución segue organizando arredor deste tipo de formación todos os medios que permitan ao profesor levar a cabo satisfactoriamente a súa tarefa (aulas, horarios, programas etc.). A liberdade de cátedra e a organización da clase segue sendo un valor esencial neste tipo de ensino "tradicional" onde o profesor é o único responsable do contido. Segundo este modelo canónico, o profesor concibe e transmite coñecemento (é o experto do contido transmitido verbalmente), axuda na aprendizaxe (observa, acompaña e xestiona o tempo e o espazo didácticos coas súas clases e as súas titorías), corrixe e avalía (de feito, lexítima a institución representándoa).

No ensino asistido polas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), o profesor é moito máis que a fonte exclusiva do saber. Convértese en guía e orientador principal de todas as posibles fontes do saber que o alumno poida atopar na rede. Ao deixarlle unha grande parte de responsabilidade ao alumno que saiba manexar as novas TIC, o ensino resulta ser máis interactivo, aínda que iso non implique sempre unha maior interacción.<sup>1</sup> A interactividade esíxelle ao profesor non só saber manexar as

---

<sup>1</sup> Aínda que o concepto de interactividade é un concepto relativamente novo e de orixe técnica, o de interacción é un concepto antigo e nada técnico. Ensinar sempre implicou interacción, estéanse a utilizar as TIC ou non. De feito, se non hai interacción entre o pro-

TIC tanto ou máis que o alumno, senón investir moitísimo máis tempo que o habitual para organizar e realizar dixitalmente as súas clases. A miúdo todas estas novas esixencias formuladas implicitamente ao profesor polas TIC, non se ven convenientemente recompensadas nin na súa nómina ao fin de mes nin na promoción da súa carreira docente. Segundo este novo modelo onde todo ou gran parte do proceso de ensino-aprendizaxe pasa inescusablemente a través dunha máquina (o ordenador) e onde tanto o profesor como o alumno se atopan en permanente autoformación, impónse unha situación de autonomía xeneralizada disposta a unha constante adaptación aos cambios.


A pesar de que moitas son as universidades que fomentan hoxe en día a utilización das TIC para poder levar á práctica o método non presencial de ensino, existe unha resistencia xeneralizada ao cambio pedagóxico e didáctico. O cambio de paradigma sempre é lento. Os profesores que se resisten ao novo paradigma seleccionan todas as informacións que poidan cadrar co antigo paradigma e ignoran as demais. Este fenómeno impídelle ao devandito profesorado pensar en solucións orixinais fronte aos novos retos de ensino. En cambio, adaptarse ás TIC, utilízalas, fomentalas, converterse en defensor destas permite abrirse a unha educación moderna. Ben é certo que a tarefa pode resultar máis levadeira se a propia universidade prevé unha formación permanente do seu profesorado promovendo a creatividade e facilitando a promoción dos seus profesores máis innovadores.

Agora ben, o uso das TIC non garante en absoluto nin un ensino nin unha aprendizaxe de mellor calidade. Ensinar foi, é e será sempre, ante todo, dialogar. Dialogar para ensinar e aprender. Para poder ensinar ao seu alumno, o profesor sempre acaba por aprender, e para poder aprender co profesor, o alumno sempre crea un determinado ritmo de ensino que varía en función das personalidades presentes e as circunstancias espazo-temporais do cara a cara dentro de todo acto de transmisión e de apropiación do saber que foron sempre as clases. No seo do Grupo de Investigación TRADUCCIÓN & PARATRADUCCIÓN (T&P) a pantalla nunca foi un obstáculo para ese diálogo, senón todo o contrario: a súa presenza física dentro das

---

profesor e o alumno xamais pode haber ensino ningún, e moito menos aprendizaxe. A interacción non implica o uso obrigatorio de máquinas interactivas e, viceversa, as máquinas interactivas non implican automaticamente a existencia de interacción.

aulas e fóra delas permitiunos afondar e ampliar aínda máis o contido do diálogo oral levado a cabo na docencia impartida en grao e posgrao e, sobre todo, o contido do diálogo oral levado a cabo no debate virtual dos resultados de investigación obtidos. O Grupo de Investigación T&P sempre utilizou as enormes posibilidades formadoras e investigadoras das TIC. Durante o curso académico 2004/2005 fomos os primeiros en montar un programa doutoral internacional en liña dentro da Universidade de Vigo, un doutoramento que leva o mesmo nome que o do noso grupo, o DOUTORAMENTO EN TRADUCIÓN & PARATRADUCIÓN (D\_T&P), e que durante este curso 2008/2009 obtivo a mención de calidade do Ministerio de Ciencia e Innovación. Fomos tamén os primeiros en utilizar os servizos da UVIgo-TV para gravar os congresos, seminarios e conferencias que imos organizando e coordinando dende o curso 2004/2005, o que deu lugar a unha serie de publicacións en rede que vai aumentando cada curso académico. Era lóxico que tamén fósemos pioneiros á hora de crear un formato dixital innovador e algo transgresor, non só de cara a publicar os resultados de investigación do Grupo T&P senón tamén de cara a realizar unha actividade complementaria esencial para a formación do noso alumnado de grao e posgrao. Moi pronto me asaltou a idea de crear un espazo orixinal para a pantalla, onde, no tempo máis breve posible, désemos o mellor de nós mesmos como docentes e investigadores. Así foi como naceu **Zig-Zag**, o primeiro programa IPTV de divulgación científica en internet dedicado á tradución.



Captura de pantalla da primeira secuencia *flash* das sete que ten a presentación de **Zig-Zag** editada no sitio web de José Yuste Frías

### **Zig-Zag: televisión en internet para interpretar e traducir**


Coa tecnoloxía dixital estamos vivindo unha era multimedia onde a tradución forma parte dun conxunto de funcións non propiamente tradutoras pero si intimamente relacionadas coas diversas prácticas lingüísticas e non lingüísticas de comunicación. A linguaxe verbal está empezando a ter un papel secundario fronte á imaxe nas producións de sentido. Asistimos todos os días no mercado profesional da tradución a un renovado interese pola imaxe. O uso dunha retórica visual repleta de símbolos e imaxes para comunicar sentido, independentemente dos sistemas de escritura tradicionais, é un fenómeno global froito da revolución dixital. Os encargos de tradución do mercado dixital de hoxe sitúan cada día o tradutor profesional máis fronte á pantalla que fronte ao papel. E todos sabemos que en pantalla a imaxe lle dá mil voltas á palabra. En definitiva, a imaxe está a conquistar un lugar privilexiado da comunicación escrita dixitalizada.

En plena época da televisión vía internet, a universidade non pode seguir ignorando a realidade cotiá das novas linguaxes que vehicula este tipo de comunicación dixital na formación e na investigación. Dado que a televisión constitúe o medio a través do cal a maioría dos mozos constrúen a percepción e a organización cognitiva da realidade exterior, a televisión por internet pode e debe converterse en todo un "monitor cognitivo" para a formación e investigación universitarias. Na universidade a televisión deixa de ser a "caixa parva" para se converter en obxecto social de suma importancia á hora de difundir saber, xa que constitúe o medio a través do cal todo espectador constrúe dous tipos de relación co saber: por unha parte, unha relación de sentido entre o espectador e o proceso de saber (é dicir, o acto de aprender), e, por outra, unha relación de sentido entre o espectador e o produto de saber (é dicir, saber como competencia adquirida e como obxecto cultural, institucional e social).

Embarcados nunha política de auténtica transferencia do coñecemento, un dos principais proxectos do Grupo de Investigación TRADUCCIÓN & PARATRADUCCIÓN (T&P) era levar a bo porto a realización de **Zig-Zag**. Grazas á axuda financeira da Vicerreitoría de Investigación e ao apoio loxístico da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade da Universidade de Vigo,

**Zig-Zag** pretende ser un novo programa IPTV de divulgación científica en internet para reflexionar sobre a tradución e mostrar ao público en rede os resultados de investigación obtidos nas prácticas de campo do Grupo T&P. Dende Vigo, cidade portuaria e cosmopolita, pretendemos abrir novos horizontes teóricos, didácticos e profesionais nos estudos sobre tradución.

- Creamos **Zig-Zag** para lanzar novas miradas críticas, curiosas e divertidas sobre como, cando, onde, por que, para que e para quen se traduce hoxe en día.
- En **Zig-Zag** desciframos de xeito lúdico e algo impertinente as políticas e os modos culturais de traducir que xorden cando sociedades diferentes entran en contacto intercultural.
- **Zig-Zag** é o primeiro programa de IPTV en rede dedicado ao mundo da tradución porque **Zig-Zag** é querer comprender para poder interpretar e traducir.



Captura de pantalla do texto de presentación de **Zig-Zag** editado no sitio web de José Yuste Frías

Levar a bo porto un proxecto da envergadura de **Zig-Zag** supón un traballo moi duro que non todos os docentes están dispostos a realizar. Tras longas experiencias de probas e máis probas de imaxe e son, coa axuda profesional e experta, sempre inestimables, do excelente persoal de UVigo-TV (Luis Pena Morandeira e Vicente Goyanes de Miguel); tras longas horas de ensaios e máis ensaios ante as cámaras para actuar comunicando da forma máis natural posible todo o traballo de guión previamente elaborado; tras múltiples safaris fotográficos e videográficos levados a cabo estes últimos anos por Anxo Fernández Ocampo, Martiño Prada Díaz, Saleta Fernández e José Yuste Frías polos espazos urbanos e rurais de varias cidades e vilas de España, Portugal, Estados Unidos, Uganda, Suíza, Italia e Francia co obxectivo de recompilar de primeira man o mellor material posible obxecto de estudo no programa... empezamos por fin a gravar en estudio o primeiro programa piloto no ano 2007. Grazas á colaboración sempre moi activa e incansable de Martiño Prada Díaz e Luis Pena Morandeira nos traballos de edición e de posprodución, respectivamente, en xuño de 2008 rematáronse de editar en rede os dous primeiros episodios de **Zig-Zag**. Velaquí as fichas técnicas completas de cada un deles:

- Primeiro episodio: *Papamoles & Filitesos* (AUTOR: Anxo Fernández Ocampo)

Dirección: José Yuste Frías

Axudante de dirección: Vicente Goyanes de Miguel

Realización: Luis Pena Morandeira

Axudante de realización: Martiño Prada Díaz

Primeira cámara (estudio): Luis Pena Morandeira


Axudante de primeira cámara (estudio): David Souto Caramés

Edición: Martiño Prada Díaz

Posprodución: Luis Pena Morandeira

Produción: T&P\_UVigo-TV

<<http://www.uvigo.tv/gl/video/2454> >



Captura de pantalla da ficha técnica do primeiro episodio de **Zig-Zag** editada no sitio web de José Yuste Frías

- Segundo episodio: **Para -traducir Carrefour** (1.ª parte) (AUTOR: José Yuste Frías)

Dirección: José Yuste Frías

Axudante de dirección: Vicente Goyanes de Miguel

Realización: Luis Pena Morandeira

Axudante de realización: Martiño Prada Díaz

Primeira cámara (estudio): Luis Pena Morandeira

Axudante de primeira cámara (estudio): David Souto Caramés


Segunda cámara (exteriores): Martiño Prada Díaz e José Yuste Frías

Edición: Martiño Prada Díaz

Posproducción: Luis Pena Morandeira

Producción: T&P\_UVigo-TV <<http://www.uvigo.tv/gl/video/2455> >





Captura de pantalla da ficha técnica do segundo episodio de Zig-Zag editada no sitio web de José Yuste Frías

### Interacción e interactividade en Zig-Zag

Dende que xurdiu a idea do programa televisivo Zig-Zag instaurouse no seo do Grupo T&P un enfoque interactivo á hora de crear, elaborar e editar os distintos episodios do programa. Impoñíase a construción de prácticas de formación e investigación universitarias moito máis innovadoras que as tradicionais: enseguida xurdiron o que poderíamos chamar prácticas de campo en ciencias humanas e sociais. Con elas empezouse a formar todo un complexo proceso de formación e investigación con múltiples retroalimentacións, o que permitiu a existencia dunha importante circulación de saber que vai dende a acumulación progresiva de coñecementos científicos obtidos a través da investigación básica, ata o alumnado de posgrao matriculado no Programa doutoral T&P, pasando polo alumnado de grao matriculado en Tradución e Interpretación, cunha participación moi especial de todo o alumnado matriculado na materia Ortotipografía para tradutores. Estas "saídas de estudo" supoñen unha práctica docente fóra das aulas de cara a espertar a reflexión sobre a tradución en tres dimen-



sións con axuda dos obxectos de comunicación máis cotiáns presentes no espazo urbano.

A experiencia acumulada ao longo destes últimos anos nas saídas de estudo deu lugar á creación dun novo curso de doutoramento dentro do Programa doutoral T&P: Miradas ao espazo urbano: para-traducir a cidade. Un curso no que consideramos os espazos urbanos como prácticas de comunicación e, por conseguinte, como auténticos espazos de tradución e interpretación, por moi aparentemente unilingües que parezan. Nas prácticas de campo pretendemos espertar no alumnado, máis alá da simple observación dos espazos urbanos, a creación dun hábito de lectura, interpretación e tradución do espazo urbano entre linguas diferentes (tradución interlingüística), entre códigos semióticos diferentes (tradución intersemiótica) e entre culturas diferentes (tradución intercultural) na comunicación publicitaria omnipresente nas nosas cidades.



Autobús fretado en 2008 para a saída de estudo a Fafe (Portugal) © Foto de José Yuste Frías

Cada vez que realizamos as nosas "prácticas de campo", a visibilidade institucional da Universidade de Vigo faise máis que patente, sobre todo

fóra de España, cando os habitantes da cidade visitada se sorprenden ao ver un autobús cos logotipos da Universidade de Vigo e do Grupo de Investigación T&P.

Nas nosas saídas de estudo abrimos sempre un diálogo transversal con todo o alumnado máis arriba mencionado e presente in situ. O diálogo instaurado permite un ensino *in praesentia* por parte do profesor, que, unha vez editado en rede como episodio de Zig-Zag, convértese en aprendizaxe *in absentia* por parte do alumnado grazas ás TIC. Como exemplo do que considero unha boa práctica didáctica de campo mencionarei a última saída de estudos do curso 2007/2008 que se realizou en xuño de 2008 na localidade de Fafe (Portugal) baixo o tema de Miradas ao espazo urbano: tradución, emigración e transferencia de estilos de arquitectura, na que participaron moi activamente as alumnas de terceiro ciclo D.<sup>a</sup> Helena Costa Alves Guimaraes e D.<sup>a</sup> Luisa Langford Correia Dos Santos, que estiveron a cargo da preparación e organización de todo o percorrido polo espazo urbano.



Grupo de persoas que asistiron en 2008 á saída de estudo a Fafe (Portugal) ©  
Foto de Anxo Fernández Ocampo

Toda unha intensa xornada de traballo de gravación en vivo, chea de creatividade en cada unha das continuas intervencións realizadas ao longo do percorrido, está a dar, no traballo de montaxe e edición levados a cabo por Martiño Prada Díaz coa colaboración activa dos autores e autoras de cada intervención, un resultado de máis dunha ducia de episodios de dez a quince minutos de duración cada un. Gustaríame destacar aquí o labor titánico que supón para un doutorando como Martiño Prada Díaz, a única persoa contratada polo Grupo T&P ata o momento, realizar os labores de edición, postedición e montaxe de todo o que gravamos con UVigo-TV (con sincronización labial do son incluída cando este se perdeu no micrófono de gravación): son horas, semanas e meses de traballo que sempre se ven recompensadas coa satisfacción do traballo ben feito, pero que deberían ter unha maior valoración á hora de puntuar tanto a produción científica como a formación en investigación de quen empeza a súa carreira investigadora. Ben é certo que a experiencia adquirida polo devandito doutorando á hora de traballar, primeiro detrás das cámaras e despois diante das pantallas do equipo informático de edición, está resultando ser unha das facetas máis enriquecedoras na súa formación investigadora; máxime se temos en conta o feito de que o título da tese doutoral en que está a traballar é *Localización de productos multimedia: traducción & para-traducción de los videojuegos*. Con este tipo de formación e investigación que brinda a posibilidade de colaborar en Zig-Zag podemos chegar a uns graos óptimos de interacción e interactividade entre director de tese e doutorando.

Entre que se escribe o guión de cada episodio, se seleccionan as fotos, as imaxes e ilustracións que acompañarán o audio en pantalla, se preparan, xestionan, organizan e coordinan as distintas gravacións en estudio e exteriores, e, finalmente, se edita en rede todo o produto rematado, pódese chegar a tardar de entre tres a seis meses. Só coa construción de todo un equipo compacto, formado por persoas con distintas inquietudes e diferentes puntos de vista, poderemos manter ese ritmo mensual de produción audiovisual orixinal en pantalla ao que aspiro. De aí que un dos obxectivos primordiais de quen escribe esta publicación sexa que o alumnado de posgrao matriculado no Programa doutoral T&P, os bolseiros e bolseiras de investigación e os investigadores e investigadoras titulares con que conta o Grupo T&P poidan participar moi activamente en todas e cada unha das distintas fases e procesos que supón a edición de cada

episodio de **Zig-Zag**. Trátase, en definitiva, de poñer en acción un conxunto de interaccións entre o persoal docente, por un lado, e o persoal investigador en formación, por outro, para que experiencia e coñecemento se vexan reforzados mutuamente nunha interacción e unha interactividade permanentes.

### **Zig-Zag innova e impacta**

A forma en que se concibiú e se produciu a innovación de **Zig-Zag** ten que ver coa articulación de elementos tan dispares e á vez tan complementarios como: a transversalidade disciplinar no proceso, a creatividade no traballo, o deseño do propio logotipo do programa (creación orixinal de Luis Pena Morandeira), a calidade do produto rematado etc. En canto á difusión dos resultados, **Zig-Zag** supón a incorporación de novos produtos e servizos audiovisuais ao servizo tanto da comunidade científica como do público en xeral.



Captura de pantalla da presentación do programa **Zig-Zag** editada no sitio web de UVigo-TV

**Zig-Zag** é un proceso científico de comprensión da realidade elaborado grazas aos recursos intelectuais, sempre imprescindibles, do persoal docente e investigador e coa axuda de importantes recursos materiais. **Zig-Zag** é tamén todo un produto rematado que, unha vez instaurado o ritmo de produción desexado, pode chegar a xerar riqueza e emprego en múltiples sectores da industria audiovisual e do mercado publicitario.

O índice de impacto de **Zig-Zag** pódese medir perfectamente polo número de visitas que tivo ata agora o programa unha vez editado en rede o 10 de xuño de 2008: máis de 1500 visitas durante os meses que seguiron ao furacán que foi xuño, cantidade que sumada ás 476 visitas contabilizadas dende o inicio do curso ata a data de hoxe (31/01/2009), fai un total aproximado dunhas 2000 visitas.

Por outra parte, considero que un bo índice de impacto para un proxecto de investigación de calquera universidade reside tamén na boa difusión e na mellor publicidade posible deste dentro das forzas vivas da súa cidade. Estoume a referir á publicación dunha reportaxe a toda páxina que se editou en papel e en rede o 8/11/2008 no xornal máis representativo da cidade de Vigo e decano da prensa española: *Faro de Vigo*. Trátase dunha entrevista que o devandito xornal realizou a quen asina esta publicación e na que se insiste sobre a innovación na formación e na investigación que supón o traballo que estamos a levar a cabo no Grupo de Investigación **T&P** da Universidade de Vigo. Nada mellor para concluír esta publicación e para escribir a última liña desta que reproducir textualmente o titular do artigo publicado: Vigo revoluciona la traducción y difunde sus estudios en un programa televisivo.



## Vigo revoluciona la traducción y difunde sus estudios en un programa televisivo

Profesores universitarios crean el concepto paratraducción y analizan lo que rodea al texto

SANDRA PENELAS

El profesor Yuste acuñó en 2005 el palabra paratraducción y de ella surgió un equipo de investigación, el T&By una línea pionera en todo el mundo para el estudio de aquellos elementos que rodean a un texto -imágenes, sonido, tipografía, colores...- de los que hasta ahora se prescindía y que son claves para comprenderlo. Este innovador concepto ha dado lugar a un programa de televisión en internet, que se retransmite a través del canal de la Universidad de Vigo, y a un doctorado virtual y único que reúne a profesores y alumnos de diferentes países para abordar temáticas como holocausto, odio, modernidad urbana o cine.

La actividad del grupo no acaba ahí. Tiene su propia línea editorial, ya han publicado dos tomos que los estudiantes pueden consultar en red, el último sobre la literatura infantil, y organizan salidas, congresos y seminarios a lo largo del curso. "Esta es la auténtica política de transferencia del conocimiento. Las ciencias humanas tienen mucho que decir", reivindica José Yuste.

El término paratraducción nació en su despacho, mientras dirigía la tesis de Xoán Manuel Garrido, otro de los miembros del grupo, sobre el libro "Si esto es un hombre" de Primo Levi. "Surgió un problema y es que en las cubiertas de la obra no sólo cambiaba el título sino la cubierta, el color y las imágenes de referencia. Llegó un momento en que el Holocausto era tan cotidiano que las alambardas o la cruz gamada habían sustituido por dibujos abstractos", explica.

Se dieron cuenta del abanico de posibilidades "teóricas y profesionales" que se abría ante ellos para estudiar todo lo que rodea al texto y crearon el grupo T&By (Traducción y Paratraducción). Con este espíritu "outsider y revolucionario" implantaron un curso de doctorado transdisciplinar, que cuenta con mención de calidad

del Ministerio de Ciencia y en el que también se incluye la antropología, la política o las bellas artes. Fue el primero de toda la Universidad en utilizar su plataforma docente en internet y el canal de televisión Uvigo-TV.

Yuste y su grupo defienden una traducción entendida como mestizaje de culturas. "No se trata de multiculturalismo, cada uno en su gueto, ni de integración, que no traduce al otro sino que lo homogeneiza. Se trata de crear lazos sin anular nunca las identidades", explica el director del grupo y añade que ésta debería ser la auténtica política de traducción de cualquier Estado.

El profesor asegura que la traducción "jamás es un acto inocente" y reclama la "visibilidad" para estos profesionales. "El texto original, como el pecado no existe. Tenemos que sentirnos en la



### Un espacio divulgativo para expertos y curiosos en internet

piel del otro para transmitir. Una máquina nunca puede traducir. Esta nueva visión abre campos de investigación y también profesionales para los alumnos en el

Yuste y su equipo inauguraron la plataforma de teledocencia de la Universidad para la que grabaron algunas piezas. Entonces al profesor se le ocurrió crear ZizZag, el primer programa de televisión en internet dedicado a la traducción. El espacio piloto y dos episodios, uno a cargo del propio Yuste sobre el significado del logo de Carrefour, se "colgaron" el pasado julio y en un mes sumaron 1.500 visitas. Los próximos serán abordarán un cómic de Art Spiegelman sobre el Holocausto o la gastronomía.

cómic, la traducción para la pantalla del ordenador o el subtítulo y doblaje de películas. La creatividad es uno de los requisitos del alumnado, que ronda los veinticinco cada año y que procede no sólo de universidades gallegas y españolas, sino también de Francia, Pakistán, China, Brasil o Estados Unidos.

### PROFESORES, COLABORADORES Y ALUMNOS



• El catedrático Alexis Nouis, de la Universidad de Cardiff, es uno de los miembros fundadores de P&T. "Estáis haciendo en Vigo lo que no se hace en Europa", les dijo cuando les conoció. El concepto de mestizaje en la traducción es suyo. Asistió a la firma del grupo en el Museo del Mar en 2005.



• Teis sobre videojuegos. Martín Prada trabaja en una investigación sobre la traducción localización de los videojuegos para adaptarlos a cada cultura. "Es un tema apasionante y una de las salidas de nuestros alumnos", explica Yuste. Ha sido becado para continuar el estudio en EE.UU.



• Estudio en Uganda sobre el movimiento público y privado de sus habitantes. Los gestos, la manera de andar... también intervienen en la traducción. Lo está elaborando la presidenta de la Asociación Galega de Profesional da Tradución e Interpretación, Saleta Fernández.



• La historia de los Papamoles y los Filiteos es la metáfora sobre el bilingüismo y la tolerancia que el profesor Anxo Fernández relata en el primer programa de ZizZag. En su próxima aparición televisiva se centrará en las marcas antropológicas de los umbrales de las puertas en Galicia.

### REDACCIÓN

Los últimos avances en nanomedicinas para combatir el cáncer, entre otras enfermedades, y mejorar los diagnósticos desarrollados por los investigadores de las tres universidades se exponen desde ayer en la primera jornada gallega para expertos en este ámbito.

Organizada por el grupo de Química Coloidal de Vigo, sus objetivos son dar a conocer el trabajo de la Red Gallega de Nanomedicina, fomentar el interés de los investigadores jóvenes y originar un lugar de discusión

## Expertos gallegos muestran sus nanomedicinas contra el cáncer

Vigo organiza la primera jornada gallega para investigadores del área

entre químicos, físicos, biólogos y médicos.

El foro, que se celebra en el centro social Caixanova, fue inaugurado ayer por el vicerrector Manuel Reigosa y por Luis Liz Marzán, responsable del grupo de Química Coloidal. Su equipo, y el de Inmunología de

la profesora África González representan a la universidad viguesa en la red gallega.

La reunión, en la que colabora la Xunta de Galicia y la Fundación Caixanova, cuenta también con la participación de expertos de prestigio como María Jesús Vicent, del Centro de Investi-

gación Príncipe Felipe de Valencia; Laura Lechuga, del CSIC; o María del Pilar Calvo, de Pharmamar.

María Jesús Vicent fue la encargada de abrir ayer las jornadas con una exposición sobre el diseño de nanocóncursos para el tratamiento de tumores hor-

mono-dependientes en cáncer de mama en mujeres postmenopáusicas y cáncer de próstata, que actualmente se combaten con hormonas y quimioterapia.

### Investigadores vigueses

La participación viguesa en el primer día corrió de la mano de Ángela Valle Gallego, que explicó su trabajo sobre nanocápsulas de quitosano; Laura Rodríguez, investigadora sobre sensores ópticos para la ultradetección de drogas en fluidos biológicos; y Marcos Sanjes, ocupado en el diseño de cápsulas huecas con oro para bioaplicaciones.

Penelas, S.: Vigo revoluciona la traducción y difunde sus resultados en un programa televisivo. Artigo publicado en Faro de Vigo o 8/11/2008.